RESUMO DA UNIDADE 11: Guerra Civil e primeiro franquismo

1. A Guerra Civil

A sublevación militar desencadeada en xullo de 1936 xa se viña preparando desde anos antes. Prevista como un golpe militar tradicional, fracasou en gran parte de España o que provocou a Guerra Civil entre o bando defensor da legalidade republicana e os rebeldes 'nacionais'.

A sublevación foi dirixida polo xeneral Mola, e comezou o 17 de xullo na colonia española do norte de Marrocos. Franco púxose a cabeza do exército colonial, o máis preparado, e, co apoio da Alemaña nazi e da Italia fascista, cruzou o estreito dirixíndose cara Madrid.

En Galicia, os militares e gardas civís rebeldes crontolaron rapidamente a situación, eliminando ás autoridades leais á república e vencendo a resistencia das forzas da esquerda.

- O desenvolvemento da guerra

As primeiras operacións (xullo-outubro de 1936) dos sublevados, de Mola desde o norte e de Franco desde o sur, dirixíronse cara a capital, Madrid. Pero a cidade resistiu ao berro de 'No pasarán'. O goberno republicano trasladouse a Valencia.

A campaña do norte (abril-outubro 1937) foi o obxectivo de Franco ao fracasar a toma de Madrid. Despois de duros combates entre os que destacou o bombardeo de Guernica efectuado pola Legión Cóndor alemá. Guernica era o símbolo do nacionalismo vasco e o seu bombardeo inaugurou as operacións militares contra obxectivos civís, que serían habituais na II Guerra Mundial. Os franquistas remataron conquitando todo o norte.

O avance cara o Mediterráneo (novembro 1937- novembro 1938) das tropas 'nacionais' tivo como batallas principais a de Teruel e a do Ebro (xullo-novembro de 1938). A batalla do Ebro, despois de que os franquistas chegaran ao Mediterráneo, foi a máis importante da guerra e supuxo o derradeiro intento dos republicanos por evitar a derrota.

A caída de Cataluña e a fin da guerra (decembro 1938- marzo 1939). A caída de Cataluña produciuse en febreiro de 1939. Ducias de miles de persoas e as autoridades republicanas que puideron, marcharon cara o exilio atravesando os Pirineos. Ese mesmo mes, Francia e Alemaña recoñecían o goberno de Franco. A finais de marzo as tropas franquistas entraron en Madrid e o 1 de abril remataba oficialmente a guerra.

- Os apoios a ambos bandos

O bando republicano contou nun principio coa maioría dos altos xefes do Exército de Terra e da Mariña, coa Aviación e a Garda de Asalto. Foi apoiado polas masas obreiras, os xornaleiros agrarios e a pequena burguesía democrática. O único país que apoiou á República foi URSS, co envío de armas, víveres e especialistas militares. Destacou o apoio das Brigadas Internacionais, uns 60.000 voluntarios procedentes de todo o mundo que viñeron a España a loitar contra o franquismo.

Os rebeldes contaron co apoio dos oficiais intermedios do Exército de Terra e a Guardia Civil; coa Igrexa católica, que cualificou a guerra como unha cruzada contra o comunismo e o laicismo e coas masas de pequenos propietarios agrícolas. Desde o exterior foi decisivo o envío de armas e soldados (Legión Cóndor alemá, Camisas Negras italianas, Viriatos portugueses) por parte das potencias nazi e fascistas.

- A España republicana na guerra

Unha das causas da derrota republicana foi a súa desunión. O golpe militar provocou a fragmentación do poder e a desorganización. A inevitable distribución de armas ao pobo aumentou o poder das organizacións obreiras. Cada unha delas intentou impor a súa ideoloxía nas zonas que controlaba. Uns loitaban para defender a República e outros para facer a revolución social.

En setembro de 1936, o goberno presidido polo socialista Largo Caballero intentou a unión de todas as forzas, cun goberno de coalición no que entraron comunistas e anarquistas. Os fracasos

militares provocaron a súa dimisión en maio de 1937. Sucedeulle Negrín, socialista, apoaido polos comunistas, que tivo como obxectivo manter o esforzo bélico ata o final, liquidadando as experiencias revolucionarias máis radicais para establecer un mando único (sucesos de maio de 1937 en Barcelona e Aragón, que acabaron coa derrota dos anarquistas da CNT e dos trostkistas do POUM fronte ás forzas gobernamentais dirixidas polos comunistas).

En Cataluña moitas fábricas e servizos quedaron en mans da CNT, obrigando a Generalitat a decretar a colectivización das industrias e das grandes propiedade rústicas. Nas zonas agrarias de Aragón e Andalucía, os campesiños, dirixidos polos líderes sindicais da CNT e da UGT, aboliron a propiedade privada e colectivizaron a explotación da terra.

- A España de Franco

As finais de xullo, os militares sublevados crearon unha Junta de Defensa Nacional en Burgo. Pero xa o 1 de outubro de 1936 a Junta nomeou a Franco Jefe del Estado y Generalísimo de los Ejércitos, debido aos seus éxitos militares e ao apoio de Hitler e Mussolini.

Nos territorios tomados polos nacionais foise abolindo a lexislación democrática e reformista da República. En abril de 1937, seguindo o modelo fascista, fusionou todas as forzas políticas que opoiaban (falanxistas, requetés carlistas e monárquicos) nun partido único: Falange Tradicionalista y de las JONS, baixo a súa xefatura, converténdose no Caudillo e iniciando unha ditadura de case corenta anos.

- Consecuencias da guerra

O número de mortos superou o medio millón, aos que hai que engadir os feridos e mutilados. Os niveis de produción industrial e agraria reducíronse moito. Ademais, unhas 300.000 persoas tiveron que exiliarse.

Na zona republicana as milicias populares e elementos incontrolados levaron a cabo matanzas de persoas de dereitas e relixiosos. Estas execucións foron frecuentes ao principio da guerra (cuartel de La Montaña, Paracuellos, etc.) ata que as autoridade lograron canalizar a represión con garantías por medio de Tribunais Populares.

Na zona sublevada, militares e falanxistas desenvolveron unha represión sistemática de todas as persoas consideradas de esquerdas, mediante paseos, fusilamentos e xuízos sumarísimos. Tras a ocupación dun territorio, procedíase a súa depuración. A represión continuou despois da Guerra.

2. O primeiro franquismo

A Ditadura de Franco durou desde 1939 ata a súa morte en 1975. Neste tempo, o réxime político case non variou, pero si o fixeron as condicións económicas e sociais.

- O réxime franquista

O franquismo foi unha ditadura militar baseadas na tradición conservadora española e no fascismo. Franco concentro todos os poderes (caudillo de España por la gracia de Dios), contando co apoio da Igrexa, do exército, dos terratenentes, da alta burguesía e de boa parte da poboación.

España foi considerada unha nación indivisible e única. A xenreira ás autonomías rexionais mesmo se estendeu a súa cultura e as linguas, que se prohibiron. A única lingua permitida era o castelán.

O catolicismo foi a relixión oficial, e toda a lexislación, educación e actividades dos españois debían axustarse á doutrina da xerarquía católica. A súa vez, a Igrexa converteuse na lexitimadora do réxime, dándolle apoio e recoñecemento.

O Movimiento Nacional, o partido e sindicato únicos, converteuse nunha gran estrutura burocrática, encargada do adoutrinamento e da propaganda. Os sindicatos de clase foron prohibidos, sendo obrigatoria a afiliación de obreiros e patróns ao sindicato único de cada oficio (sindicato vertical).

Os dereitos individuais non existían, quedando subordinados aos do Movimiento Nacional. A familia católica tradicional foi considerada como a base da sociedade; as mulleres debían estar sometidas aos homes (pais e maridos) e dedicarse ao coidado da casa e dos fillos. Para encadrar

ás mulleres creáronse a Sección Femenina e o Servicio Social, obrigatorio para as mulleres, e o Frente de Juventudes para os rapaces.

- A posguerra. 1939-1959

a. Illamento internacional. España non entrou na II Guerra Mundial, pero foi aliada das potencias fascistas do Eixe. Franco enviou a un grupo de 'voluntarios', a División Azul, formada por uns 60.000 homes, a combater cos alemáns na fronte rusa contra o comunismo. A vinculación do réxime coas potencias derrotadas fixo que, unha vez rematada a II Guerra Mundial, España quedase illada, retirándose os embaixadores das potencias vencedoras. Pero a Guerra Fría entre EE UU e a USS favoreceu á Ditadura polo seu anticomunismo. En 1953 asinou un Concordato con Vaticano e un acordo defensivo cos EE UU no que, a cambio da instalación de bases militares, España recibía axudas económicas e militares. En 1955, ao fin, España entrou na ONU.

b. Empobrecemento e autarquía. Como consecuencia da Guerra Civil e do illamento internacional, houbo escaseza, empobrecemento, racionamento de alimentos, mercado negro... O Goberno mantivo unha política económica autárquica, tentando conseguir a autosuficiencia. Houbo un forte intervencionismo do Estado en todos os sectores económicos, destacando a nacionalización dos ferrocarría (creación de RENFE) e do Instituto Nacional de Industria (INI). A autarquía foi un fracaso que provocou a miseria de gran parte da poboación.

c. Represión. Despois da Guerra Civil continuou a forte represión contra todas as persoas que non amosaban unha adhesión manifesta ao réxime. Milles de persoas estaban encarceradas (300.000 na década de 1940) ou en campos de traballos forzados (coma o de Lavacolla ou do Valle de los Caídos), e seguiron os fusilamentos e a incautacións de bens.

d. A guerrilla. Cando rematou a Guerra Civil centos de miles de persoas se viron obrigadas a exiliarse, mentres outros moitos (os fuxidos) continuaron loitando en distintas zonas de España. As agrupacións guerrilleiras foron moi activas en Galicia. O Partido Comunista (PCE) fíxose co control das guerrillas, organizando a entrada de novos combatentes desde Francia e Portugal. As acción do maquis intensificouse a partir de 1944, cando se albiscaba a derrota dos fascistas na II Guerra Mundial, coa esperanza de que os aliados interviñeran en España para derrocar a Franco. Non foi así, e o PCE deu a orde de disolver as guerrillas, aínda que moitos continuaron nos montes unha loita sen posibilidade de éxito, ata que foron mortos ou executados polas forzas franquistas.

e. Vida cotiá. A vida durante o franquismo foi miserable, non só polas carencias materiais, senón tamén pola hipocrisía que se instalou na sociedade como consecuencia das absurdas normas de comportamento que ditaba a Igrexa, a gardiá das esencias patrias. Os ritos católicos marcaban as distintas etapas da vida. Quen máis sufriu esta situación foron as mulleres que, despois dos avances conseguidos durante a II República, foron confinadas de novo á casa e sometidas aos homes. O sexo foi considerado pecado mortal fóra do matrimonio (pero permitida a prostitución), sendo o principal obxectivo da censura relixiosa e civil, ata límites ridículos, pero que lle amargaron a vida a unha poboación castrada, condenada a agochar calquera manifestación de pracer, de liberdade.